

Narrativa

Sesión de voo

Gonzalo NAVAZA

Non digo que non o coñeza. Si que o coñezo. Somos veciños. O que pasa é que non temos moito trato. Saudámonos... Ola Charli, cómo che vai Cuco... e punto. De nenos si, temos xogado xuntos. El ó básquet non tiña rival. Chega a medir dúas cuartas máis e estaba hoxe na NBA, que de rapaz era unha figura. Pero logo quedou pequeno e perdeuse unha estrela do deporte. E de aí disque xa se meteu na droga. Vamos, despois dese tempo; non digo que se metese por quedar pequeno. Nin sei se se meteu ou non. Iso é o que contan, eu falo de oídas. A verdade é que nos últimos tempos non se deixa ver moito pola vila. Se cadra vive noutro lado. Nin llo preguntei. Tampouco sei con certeza a qué se dedica.

Este xoves cadrulle de vir á vila e achegóuseme na rúa. Ola Cuco, xa te vin o outro día polos aires; a ver cando me deixas probar o parapente. Eu qué lle ía dicir. Cando queiras, Charli. E entón di que me toma a palabra e que conte con el o sábado pola tarde, é dicir, hoxe. E hoxe despois do xantar, cando saio da casa, alí o vexo diante do portal, agardando por min. Non tiven escapatoria.

Leveino ó miradoiro de Couso, que ten unha boa explanada para botar unhas carreiras. Cando venta do sudoeste é moi bo sitio. Así que chegamos vin que efectivamente había algo de vento. Non como a min me gusta, pero o ideal para quen empeza.

E por sorte non había máis ninguén. Ningún parapente, quero dicir, porque haber había cinco ou seis coches, algunha xente no merendeiro e un fulano barbudo de gorra encarnada facendo fotos desde a cima dos penedos. Nós fomos dereitos para a parte de arriba e montamos o aparello onda o precipicio. Funlle explicando ó Charli cada detalle do mecanismo e cando acabei de montalo dispúxenme a botarme. Na primeira tentativa, por mor de me virar para que vise ben a postura do corpo no salto, escoreime tanto que capotei de babor e esfragueime polo barranco abaixo dando tombos, nunha caída

estrepitosa que acabou por escacholarme contra un castiñeiro. Vin literalmente as estrelas. O Charli baixou correndo, todo preocupado, preguntándome sen parar se estaba ben. Estaba ben; algo amolado, pero ben. E o aparello tamén semellaba intacto. Vaia primeira lección, dicíalle eu mentres gabeabamos polo barranco arriba turrando do parapente.

Para a miña sorpresa, ó chegarmos de novo ó miradoiro o Charli zafouse de min e encarouse a berros co fotógrafo: ¡Que pasa, mamalón, dáche a risa! ¡E se se parte a crisma qué, pedazo de bosta! O outro, na distancia, fixo coma quen que non oía; deu media volta, foise arredando, meteuse no coche e liscou.

Despois boteime outra vez, xa sen problemas, e voei un pouquiño. Nin cinco minutos: unha elevación, dúas ou tres viradas de lagarteiro e unha baixada lenta, sen afastarme moito... Ó cabo pousei tranquilamente na varanda do miradoiro, ó lado do Charli. Eu quería animalo a botar unhas carreiras por terra co parapente, para que vise como se goberna, pero el, así que se viu no aparello, entusiasmouse coma un tolo. Moveuse un pouco pola explanada de aquí para alá e de repente, en dez ou doce alancadas a todo correr, lanzouse cara ó precipicio e saíu voando. Era un milagre, facíao coma se o levase facendo toda a vida. E cando volveu pousou coma un experto. Aínda se volveu botar catro ou cinco veces máis, e só parou ó cabo de dúas horas, cando lle dixen que había que deixalo, que empezaba a escurecer. Realmente eu estaba farto de agardar no miradoiro coma un parvo mentres el gozaba voando co meu parapente.

Dábaselle ben, non me estraña que lle collese gusto. No camiño de volta viña todo contento, dicindo que ía comprar un. Ó pasarmos pola de Amador mandoume parar; quería convidarme a un cubata para celebrarmos o seu bautismo de voo. Nada máis entrar vimos nunha mesa da esquina o mesmo fotógrafo barbudo de antes, agora cunha moza. O Charli mirouno de esguello cun ollar retorto.

Xa estabamos bebendo os cubatas cando os dous da esquina botaron unhas risas e entón vai o Charli e vírase cara a eles sen erguerse do asento: ¿Que, pedazo de bosta, aínda che dura? ¿Vouche ter que partir a cara para que pares de rir? Tivo que repetirillo porque o outro de primeiras non se daba por aludido. ¿Vou ter que partirche a cara, pedazo de bosta? Entón o fotógrafo respondeu provocador: ¡Atrévete!

O Charli non o pensou dúas veces. Ergueuse, sacou unha pistola de non sei onde e ferroulle dous tiros, un na cara e outro na barriga. Eu non daba creto. A moza púxose a gritar histérica. O Charli, berrándolle que calase dunha vez, meteu-lle outro tiro a ela e alí quedaron os dous corpos, ó pé da mesa e en medio dun charco de sangue. Eu alucinaba. Quixen falar e non daba articulado palabra. Nisto sae o Amador da trastenda botando

as mans á cabeza e vai o Charli e férralle outro tiro e déixao por terra retorcéndose.

Cha Charli, to toleaches ou qué, puíden tatear finalmente.

Se o deixo é capaz de chamar á policía, respondeume.

Aquilo era unha carnicería. Eu xa non sabía onde estaba. Sentín que me fallaban as pernas e caín redondo no chan.

Non sei canto tempo botei inconsciente, pero de alí a unha miga empecei a recuperarme. Cando me quixen erguer e abrín os ollos, o primeiro que vin foron as caras do Charli e do fotógrafo debuzados sobre min, todos alarmados. Estaba no fondo do barranco do miradoiro de Couso, ó pé do castiñeiro. Doíame a cabeza coma se me fose estoupar.

Tranquilo, Cuco, parece que non foi nada, di o Charli. En dez minutos está aquí unha ambulancia.